



COMO ACTUAR FRONTE AS AGRESIÓNS SEXISTAS DENDE OS LOCAIS DE OCIO?



Durante a noite de fin de ano 2019, en horario de 01:00 a 08:00h, estará a disposición de toda a poboación un **Punto Violeta** localizado na Praza Maior ao carón do Concello de Lugo, no lateral que conecta coa Praza de Campo Castelo. Persoal cualificado e especializado atenderá situacións de violencia sexista, ademais de ofrecer información relacionada.



TELÉFONOS

PUNTO VIOLETA >>	620 988 319
VIOLENCIA DE XÉNERO >>	016
POLICÍA NACIONAL >>	091
EMERXENCIAS SANITARIAS >>	061
EMERXENCIAS >>	112
PROTECCIÓN CIVIL >>	982 297 285

- Naqueles locais que contén con servizo de vixilancia de seguridade e/ou control de accesos, estes, tendo detectado condutas sexistas tanto no interior do local como nas inmediacións da entrada, **procurarán atender inmediatamente á vítima**, así como notificalo ás persoas responsables do local.
- **A totalidade do persoal tamén procurará detectar comportamentos anómalos e/ou situacións de risco**, atender á vítima e, se é preciso, contactar cos servizos pertinentes antes mencionados.
- Atender á persoa que padece a agresión, **ofrecerlle tranquilidade e seguridade**.
- **Non poñela nunca en dúbida**, e ofrecerlle a posibilidade de poñerse en contacto co Punto Violeta, as Forzas e Corpos de Seguridade e/ou os servizos sanitarios.
- **Sobre todo se está nunha situación de especial vulnerabilidade** por consumo excesivo de **alcohol ou outras substancias**, **ofrecerlle un espazo seguro** onde permanecer ata que cheguen os servizos de emerxencia ou, se así o solicita, ata recuperarse e poder marchar en condicións de seguridade, preferiblemente en compañía.
- **Evitar calquera tipo de criterio sexista ou discriminatorio** nas actividades e publicidade do local (prezos diferenciados entre homes e mulleres, vestimentas...).

Na semana seguinte, dende **Cruz Vermella Lugo**, contactarase coa **Asociación de Hostalería** para coñecer se houbo intervencións e poder reflexalo nos rexistros e na memoria final.

